

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. A. Cidrás Escáneo (2004): “Manifestacións de incorporación en galego”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 51-58.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

MANIFESTACIÓNS DE INCORPORACIÓN EN GALEGO

Francisco A. Cidrás Escáneo

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. Como é ben sabido, a incorporación é un mecanismo polo cal un substantivo que primariamente ocupaba unha posición argumental dun predicado verbal básico pasa a integrarse neste dando lugar a un predicado complexo novo que prototipicamente presenta un argumento menos e un significado de acción ou proceso máis xenérico ou habitual có do seu correlato sen incorporación. Trátase dun procedemento recoñecido desde hai moito tempo por autores xa clásicos (Humboldt, Sapir) nunha grande cantidade de linguas “exóticas” (amerindias, oceánicas, asiáticas...) nas que o nominal incorporado pasa a se converter plenamente nun morfema do verbo. Son as comunmente denominadas *linguas incorporantes*, que podemos ilustrar cos seguintes exemplos do yucateco (Mithun 1984) e onondaga (Mardirussian 1975):

- (1) Yucateco
- | | | | |
|----|----------------------|--------|---------------------------------------|
| a. | Kinch'ak-ik | che' | |
| | eu-corto-TR | árbore | |
| | 'Corto unha árbore' | | (sigdo. puntual) |
| b. | Kinch'ak-che'-∅ | | |
| | eu-corto-árbore-INTR | | |
| | 'Corto árbores' | | (sigdo. habitual, e.g. 'son leñador') |
- (2) Onondaga
- | | | | |
|----|---------------------|------|-------------------|
| a. | Wa'hahninú | ne? | oyé?kwa? |
| | mercou | art. | tabaco |
| | 'Mercou o tabaco' | | (sigdo. concreto) |
| b. | Wa?ha-ye?kwa-hni:nu | | |
| | 'Mercou tabaco' | | (sigdo. xenérico) |

Co paso do tempo, ampliouse o ámbito de aplicabilidade do termo ó recoñecérense outras manifestacións menos “evidentes” deste mecanismo que eran xa practicamente identificables en tódalas linguas, co que chegou a converterse nunha especie de *lugar común* a descrición e explicación destoutas manifestacións de incorporación nas linguas “habitualmente consideradas” (xermánicas e románicas, fundamentalmente). Exer-

cicio de notable interese non exento de riscos (por exceso máis que por defecto) que vou tentar aplicar ó galego espero que con ponderación e mesura. A tal efecto organizarei a miña exposición arredor das seguintes catro premisas ou ideas básicas:

1. Cómpre considerar non só as manifestacións morfolóxicas de incorporación, senón tamén as súas evidencias sintácticas.
2. Cómpre lembrar que os predicados en xeral (e daquela tamén os formados por incorporación) non teñen por qué ser verbais: é un lugar de consenso entre as gramáticas funcionais e xenerativas o tratamento de *todos* os elementos léxicos como predicados.
3. A incorporación pode e debe ser vista como un tipo de formación de predicados derivados (Dik 1980), pero non dun xeito exclusivo, pois cómpre recoñecer ocorrencias de incorporación argumental que non se obteñen de regras productivas e que por iso mesmo son só susceptibles dunha explicación de carácter lexical.
4. A incorporación pode e debe ser vista como un mecanismo intransitivador (Dik 1980, Moreno 1991), pero novamente non dun xeito exclusivo, pois non implica necesariamente redución actancial. A incorporación dun argumento pode provocar unha reestructuración do marco predicativo resultante tal que outro elemento (xeralmente un satélite) se promova e ocupe a posición deixada baleira, sen que daquela se produza alteración de valencia nin intransitivación.

O galego serviranos para ilustrar todos estes principios. Convén con todo actuar con cautela á hora de manexarnos con ese lugar común de que falabamos para non deslizarnos e outorgarlle ó mecanismo que nos ocupa un excesivo poder explicativo, como unha nova caixa de Pandora filolóxica que unha vez aberta acaba alagándoo todo, para ben e para mal, cunha chea de *evidentes* mostras de incorporación, xeralmente por considerar suficiente algunha condición simplemente necesaria¹.

2. Nas linguas de estrutura sintáctica máis próxima ó galego, o exemplo de incorporación sintáctica (non morfolóxica) máis frecuentemente referido é o de ocorrencias do tipo de *pagar piso, buscar hotel, ter tenda, levar boina* ou *usar garabata*, en oracións como:

- (3) a. Aforra moito diñeiro porque non paga piso.
- b. Non busques hotel porque vés durmir á miña casa.
- c. Nós sempre tivemos tenda.
- d. A rapaza que che digo non levaba boina.
- e. Cando vai traballar sempre usa garabata.

¹ O veciño traballo de Wonder (1990), referido ó español, incorre en certa medida, na miña opinión, nalgún destes excesos explicativos na súa intención de sustentar “the claim that noun-incorporation is a common occurrence in Spanish”. Repárese, por exemplo, na súa análise de clíticos e case-predicativos (*se fue vasallo y volvió rey*) como manifestacións deste mecanismo, baseándose no carácter non referencial dos elementos incorporados.

A consideración dos nominais en cuestión (*piso, hotel, tenda, boina, garabata*) como argumentos dos respectivos predicados resulta inviable:

- desde un punto de vista sintáctico non se poden analizar como ODs (non admiten pronominalización nin pasivización);
- desde un punto de vista semántico resulta inexplicable, sendo argumentos autónomos, a súa carencia de actualizador (e non cabe a hipótese dun actualizador \emptyset , dados os trazos [+sing. -cont.] dos substantivos [Hermida 1986]).

Un e outro tipo de problemas atopan solución baixo a hipótese de estaren os devanditos substantivos sintacticamente incorporados ó verbo, pois os nominais incorporados caracterízanse por careceren de valor referencial (*piso* en 3a non fai referencia a ningún piso específico) polo que non deben levar actualizador, e ó formaren verbo e substantivo un único predicado derivado non pode haber relacións sintácticas entre eles. Este tipo de construcións cumpre prototipicamente todas e cada unha das propiedades características da incorporación, tal e como as describe, p. ex., Dik (1980).

Daquela, debemos analizar este tipo de secuencias como predicados derivados por incorporación, toda vez que se trata dun mecanismo sincronicamente productivo que podemos formular na seguinte regra de formación de predicados:

(4) FORMACIÓN DE PRED. V. POR INCORPORACIÓN (SINT.)

Input: a. $p_V(x_1)(x_2)$

b. $p_N(x_1)$

Condición: p_N atense ás restricións de selección impostas sobre (x_2) de a.

Output: $\{p_V p_N\}_V(x_1)$

Condición: $\{p_V p_N\}_V$ constitúe un subtipo de p_V socialmente recoñecido.

Daquela, secuencias como as de (3) son a penas uns exemplos dunha clase aberta de predicados derivados cinxidos polas devanditas condicións sintáctico-semánticas e pragmáticas. Da construción pragmática (identificación social do estado de cousas deseñado) derivase a estrañeza de outputs como *buscar garabata* ou *boina*, escasamente producibles fronte a *buscar hotel / habitación / piso / taxi*, etc., subtipos estes últimos ben identificados na nosa sociedade da acción de “buscar”. Non obstante, todos eles son potencialmente gramaticais.

3. Repárese que con este tipo de predicados por incorporación que acabamos de referir poñiamos en xogo a primeira premisa das antes enunciadas: o que caracterizabamos eran uns predicados verbais derivados por incorporación sintáctica, non morfolóxica, pois neles os substantivos manteñen a súa autonomía formal como palabras independentes. Con todo, se complementariamente introducimos na argumentación a segunda premisa (pola cal debemos tomar en consideración tamén os predicados non verbais) atopa-

rémonos perante a existencia de predicados nominais con incorporación *morfolóxica* de obxecto. Trátase do seguinte tipo de substantivos compostos:

(5) lavalouza	lavacristais	lavacoches
contaquilómetros	contapasos	contacontos
limpabotas	cazatalentos	rompecorazóns
quebrafolgas	matarratos	portaequipaxe

Todos eles son exemplos dunha clase aberta que ten que ser analizada como saída dunha regra sincronicamente productiva de formación de predicados nominais derivados con obxecto incorporado. Este obxecto cumpre novamente tódalas características dos argumentos incorporados, comezando polo seu carácter non referencial, non sometido a operacións determinativas e fixado na súa flexión. A regra de formación de predicados que lle acae non varía moito da formulada en (4) *supra*:

(6) FORMACIÓN DE PRED. N. POR INCORPORACIÓN (MORF.)

Input: a. $p_V(x_1)(x_2)$

b. $p_N(x_1)$

Condición: p_N atense ás restricións de selección impostas sobre (x_2) de a.

Output: $\{p_V - p_N\}_N(x_1)$

Sigdo.: persoa ou cousa que ten como función ou actividade habitual a realización da acción expresada por p_V sobre p_N .

Condición: a función ou actividade debe ser recoñecida ou caracterizante.

Consonte esta regra poden producirse un número non limitado de predicados nominais correctamente interpretables polos falantes aínda que nunca antes os usaran. Dun rapaz que engole galletas sen medida podemos dicir nunha situación dada que é un *comegalletas*, e dunha persoa que adoita roubar automóviles que é un *roubacoches* sen que se produza ningún problema de intercomunicación. E se resultan estraños outputs como *roubagalletas* ou *bebeauga* non é por un problema de gramaticalidade senón por tratarse de actividades escasamente recoñecidas como habituais (roubar galletas) ou nulamente caracterizantes (beber auga), quitando que sexa cun valor ponderativo (beber máis auga do normal).

4. Ata aquí estivemos falando sempre de predicados derivados por incorporación. Os exemplos achegados correspondían a series abertas resultantes de regras sincronicamente productivas e por tanto non deberían ser incluídos como entradas no lexicón senón analizados na compoñente de formación de predicados. Sen embargo, existen outros exemplos de incorporación máis ou menos afíns a estes pero que non poden de ningunha maneira caracterizarse como predicados derivados, pois non se corresponden

a regras sincronicamente productivas: os falantes deben coñecer estas formas e os seus peculiares significados para usalas ou interpretalas correctamente. Son pois predicados básicos (aínda que poidan ser formalmente complexos, unidades pluriverbais) e teñen que ser identificados por vía lexical, como entradas do lexicón.

Xeralmente estes predicados básicos con incorporación remiten a primitivas regras productivas, das que acabaron quedando illadas cando menos polas seguintes dúas vías:

1. Por desenvolveren significados idiomáticos a través de particulares desviacións metafóricas que os arredan do predicible valor primitivo.
2. Por recuar e mingua-lo carácter productivo dun mecanismo de incorporación, que acaba co tempo deixando, como restos cada vez máis limitados e opacos, evidencias lexicais illadas.

A tendencia dos predicados incorporantes a desenvolveren significados idiomáticos é unha característica universalmente recoñecida na literatura sobre o tema. Daquela non se pode estudia-la incorporación estrictamente como un tipo de formación de predicados derivados, limitándoa a esta compoñente, pois é obvio que os modismos teñen carácter lexical e, por tanto, son predicados básicos. Os dous tipos de predicados derivados anteriormente descritos fornecen exemplos nidios desta tendencia á lexicalización idiomática:

Fronte ós predicados derivados da regra (4) como *buscar piso* ou *ter coche*, moitas outras expresións formalmente idénticas como

(7) dar abasto	acusar recibo	suar tinta
saber latín	dar guerra	meter baza

son locucións lexicalizadas que desenvolveron significados privativos mediante peculiares desprazamentos semánticos e xa non poden ser vistos como membros dunha clase aberta, resultantes dunha regra sincronicamente productiva. Son por tanto predicados con incorporación argumental, pero predicados básicos a pesar de seren unidades pluriverbais (vid. Álvarez de la Granja (1996) para o seu tratamento lexicográfico).

Paralelamente, a carón dos predicados derivados da regra (6) como *lavalouza* ou *limpabotas* temos outros predicados como

(8) matapiollos	furabolos	rañaceos
picapeixe	papamoscas	papafigo
chuchamel	papaventos	quitamerendas

que xa non son produto desa regra (nin de ningunha outra), a pesar de que etimoloxicamente remitan a ela. *Matapiollos* ou *furabolos* non son cousas que teñan caracteristicamente a función de matar piollos ou de furar bolos, posto que tamén teñen moitas outras de máis proveito e son os nomes de dous dedos, como *picapeixe* e *papafigo* son o nome de dous paxaros (que teñen, entre outras, tales preferencias alimentarias) ou *rañaceos*

designa un tipo de edificio (que ten que ser, iso si, moi alto). É evidente que *matarratos* e *matapiollos* son igualmente predicados incorporantes, pero só o primeiro é un predicado derivado; o segundo, a partir dunha estrutura formal idéntica, desenvolveu un significado traslaticio peculiar do que o lingüista só pode dar conta no lexicón (e o usuario só pode recoñecer e empregar na medida en que o posúa no seu fondo lexical).

A segunda gran vía pola que predicados con incorporación poden chegar a ser básicos ten que ver co estrago ou esmorecemento dun determinado tipo productivo de incorporación: no seu recuamento deixa como formas residuais evidencias léxicas máis ou menos opacas dun mecanismo que xa non é productivo (Mithun, 1984). O galego dános na miña opinión un bo exemplo aínda en curso deste tipo de proceso.

No galego medieval era enormemente frecuente a ocorrencia de moi diversos grupos verbais como *aver medo*, *aver feuzza*, *aver sabedoria*, *aver acordo*, *tomar acordo*, *parar mentes*, etc., que podían rexer oración subordinada completiva:

- (9) Elle *auja sabedoria que* estaua o castelo miguado (CG, 491.13).
 Enton *ouveron acordo que* fosse logo queimada (CSM, 215.38).
 Cõmo se *ouvese medo que* lle falesçeria (Gral. Est. 10.30).

A gramaticalidade destas construcións só pode explicarse por vía de incorporación argumental. Os substantivos implicados non poden ser descritos como OD pois daquela teríamos duplicidade de OD (dadas as oracións completivas que lles seguen), co que as estruturas deberían ser agramaticais ó violaren o que os gramáticos relacionais denominaron lei de unicidade estratal. E está claro que non soamente o sistema as permitía, senón que a norma facía un moi xeneroso uso delas. Co tempo e o fortalecemento de certos prexuízos gramaticais, estas ocorrencias foron obxecto dun acoso prescritivista, como supostos casos dun solecismo ficticio, que as fixo recuar non só na súa prevalencia e rexistro de uso, senón tamén na súa produtividade: modernamente só aparecen na linguaxe coloquial e practicamente limitadas ós sintagmas *ter medo*, *ter pena*, *ter ganas* (ou en todo caso *ter* + substantivo de estado de ánimo):

- (10) Teño medo que non chegue.
 Teño pena que non chegue.
 Teño ganas que non chegue.
 Teño esperanza que non chegue.

Pero

- ??Teño desexo que non chegue.

Por tanto sincronicamente non semellan resultar dunha regra productiva, polo que serían predicados (con obxecto incorporado) básicos. Terían así un carácter lexical, ademais dunha lousa enriba que non parece que vaia permiti-lo seu soerguemento ou rehabilitación.

5. Esta mesma estrutura que acabamos de visitar é tamén un bo exemplo da cuarta das premisas de que partía e que agora interesa meter en xogo. Pola súa propia natureza, a incorporación é prototipicamente un mecanismo de redución actancial, intransitivador. Sen embargo, como ten esclarecido Marianne Mithun (1984), a partir deste ámbito orixinario a incorporación pode ir máis alá, permitindo nesta segunda instancia que outro argumento da predicación (máis periférico) pase a ocupa-lo lugar deixado baleiro polo argumento incorporado. Podemos ilustralo cunha variación do exemplo do yucateco citado como (1), tirado da mesma autora:

- (11) a. Kinch'ak-ik che' ichil in-kool
 eu-corto-TR árbore en meu-milleiral
 'Corto unha árbore no meu milleiral'
- b. Kinch'ak-che'-tik in-kool
 eu-corto-árbore-TR meu-milleiral
 'Limpo-de-árbores o meu milleiral'

Un proceso deste tipo é o que ocorre coas construcións do tipo (10) *ter medo que*, onde a incorporación do substantivo permite o avance á segunda posición argumental deixada baleira dun satélite Causa (cfr. *teño medo porque non chegue*), co que se lle pode asigna-la función de OD (e así aparecer como completiva).

Vou referir aínda outro tipo de estrutura que, coído eu, cabería gorecer ó abeiro deste tipo de incorporación non intransitivadora. Refirome a ocorrencias tales como:

- (12) Os deputados elixiron presidente a Fraga.
 A universidade nomeou doutor honoris causa varios profesores.
 O xurado proclamou gañador do certame un filme mediocre.
 O acusado recoñeceu culpable perante o tribunal.

A estrutura de formación destes predicados incorporantes é idéntica na súa entrada á regra (4) productora de predicados intransitivados do tipo *pagar piso*. Sen embargo nestes casos que nos ocupan o predicado resultante na saída (*elixir presidente*) segue sendo biactancial: non se produce redución porque o argumento que se incorpora non é directamente o segundo actante (a Meta) senón unha especificación adicional de Cualidade. Repárese nos correlatos de (12) co nominal libre:

- (13) Os deputados(Ax) elixiron a Fraga(Met) como presidente(Cual).
 A universidade nomeou varios profesores como doutores honoris causa.
 O xurado proclamou un filme mediocre como gañador do certame.
 O acusado recoñeceu a si mesmo como culpable perante o tribunal.

Non parece despropositado supor que no fenómeno de incorporación do argumento Cualidade, pasando por riba do segundo actante Meta (prototipicamente máis proclive a

ser incorporado), medie o influxo do outro marco predicativo (biactancial) destes predicados básicos, en que o correferente do que aquí é Cualidade é alí Meta. Trátase das seguintes estruturas:

- (14) Os deputados_(Ax) elixiron o presidente_(Met).
 A universidade nomeou varios doutores honoris causa.
 O xurado proclamou o gañador.
 O acusado recoñeceu o culpable.

Cabería, pois, interpretar unha incorporación de segundo argumento a partir destas estruturas (i. e.: *elixir*_(PredBasic) *o presidente*_(Met) ⇒ *elixir presidente*_(PredDeriv)), cunha retransitivación do predicado resultante por cruzamento coa estrutura triactancial (13): *elixir*_(PredBasic) *a Fraga*_(Met) *como presidente*_(Cual). Dese xeito obteríamos *elixir presidente*_(PredDeriv) *a Fraga*_(Met).

Pero este e outros asuntos son merecentes dun tratamento máis demorado, como en xeral o é o tema da incorporación, que non se pode obviamente pechar dun xeito tan abreviado como o que aquí acabamos simplemente de bosquexar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez de la Granja, M. (1996): *Tratamento lexicográfico das expresións fixas. As unidades con "Verbo + Obxecto Directo" no Dicionario Xerais da Lingua*. Tese de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Dik, S. C. (1980): "On predicate formation", in *Studies in Functional Grammar*. London: Academic Press, 25-52.
- Hermida, C. (1986): *O artigo: funcións, valores e usos*. Tese de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Mardirussian, G. (1975): "Noun incorporation in universal grammar" in *Papers from the XIth Regional Meeting*. Chicago: CLS, 383-389.
- Mithun, M. (1984): "The evolution of noun incorporation", *Language* 60/4, 847-894.
- Moreno Cabrera, J. C. (1991): *Curso universitario de lingüística general. 1: Teoría de la gramática y sintaxis general*. Madrid: Síntesis.
- Wonder, J. P. (1990): "Noun incorporation in Spanish", *Hispanic Linguistics* 4/1, 149-177.